

## BASES DO CONCURSO DE REDACCIÓN “O COMERCIO LOCAL” 2026

A Asociación Comercio Punto Compostela CCA convoca unha nova edición do concurso de redacción sobre “O Comercio Local”, co obxectivo de fomentar a reflexión do alumnado sobre a importancia do comercio de proximidade.

### 1. Participación

Poderá participar no concurso o alumnado que estude no presente curso escolar 3º e 4º de ESO ou Bacharelato nun centro educativo público de Santiago de Compostela.

### 2. Temática

Os traballos deberán tratar sobre “O Comercio Local”, dentro da campaña de dinamización comercial promovida pola Asociación Comercio Punto Compostela CCA en colaboración coa Asociación Cultural Casino de Santiago.

### 3. Características dos traballos

- As redaccións deberán:
  - Estar escritas en **lingua galega**.
  - Ter unha extensión mínima de **200 palabras**.
  - Estar centradas na temática proposta.
- Presentaranse en **formato papel, en folios tamaño A4**.
- Na ficha de inscrición, deberán figurar os seguintes datos:
  - Nome e apelidos
  - Idade
  - Curso
  - Teléfono de contacto
  - Centro educativo
  - Título da redacción
- No traballo presentado deberá figurar de forma clara o título da redacción e non deberá conter ningún tipo de datos personais que poidan identificar a autoría da redacción.

### 4. Propiedade dos traballos

Todos os traballos presentados pasarán a ser propiedade da Asociación Comercio Punto Compostela CCA, que se reserva o dereito de:

- Reprodución
- Difusión

FINANCIADO POR:



COLABORAN:



ORGANIZA:



Todo iso **sen ánimo de lucro** e sen que isto xere dereitos económicos a favor das persoas participantes.

### 5. Prazo de presentación

O prazo de presentación abrirase o **27 de abril** e finalizará o **13 de maio de 2026**, ambos incluídos.

### 6. Lugar de entrega

Os traballos deberán entregarse aos **titores ou titoras de cada curso** nos centros educativos participantes, xunto coas fichas de inscrición facilitadas aos centros educativos.

### 7. Sistema de selección

O proceso de selección constará de dúas fases:

1. Unha **preselección** entre todos os traballos presentados.
2. A selección final por parte dun xurado composto por:
  - A persoa que ostente a Presidencia da Asociación Comercio Punto Compostela CCA (ou outra persoa na que delegue)
  - Unha persoa representante da Asociación Cultural Casino de Santiago (ou outra persoa na que delegue)
  - Unha persoa representante da Deputación da Coruña (ou outra persoa na que delegue)
  - Unha persoa representante do Concello de Santiago (ou outra persoa na que delegue)
  - Un escritor ou escritora de prestixio en Galicia.

### 8. Premios

Concederanse tres premios para ás mellores redaccións do alumnado de ESO e tres para ás mellores redaccións do alumnado de Bacharelato consistentes para cada categoría en:

- 1º premio: unha tarxeta prepago para mercar no comercio local asociado por valor de **300 €**
- 2º premio: unha tarxeta prepago para mercar no comercio local asociado por valor de **200 €**
- 3º premio: unha tarxeta prepago para mercar no comercio local asociado por valor de **100 €**

FINANCIADO POR:



COLABORAN:



ORGANIZA:



Tamén se concederá un premio consistente nun ordenador para o centro educativo que máis redaccións entregue.

### 9. Dereitos de propiedade intelectual

As persoas participantes ceden á Asociación Comercio Punto Compostela CCA todos os dereitos de explotación dos traballos presentados (reproducción, distribución, comunicación pública e transformación), co fin de:

- Publicar
- Difundir
- Dar a coñecer os textos e as persoas gañadoras

Esta cesión realizarase sen contraprestación económica.

### 10. Protección de datos

- Os centros educativos participantes declaran contar co **consentimento previo** das persoas participantes ou das súas titoras legais para o tratamento e comunicación dos seus datos persoais.
- Os datos serán facilitados á Asociación Comercio Punto Compostela CCA, que poderá:
  - Utilizalos para a xestión do concurso
  - Publicar o nome das persoas gañadoras nos medios que considere oportunos

### 11. Aceptación das bases

A participación neste concurso implica a **aceptación íntegra das presentes bases**.

As decisións do xurado serán **inapelables**. Calquera cuestión non prevista nestas bases será resolta polo propio xurado.

FINANCIADO POR:



Deputación  
DA CORUÑA

COLABORAN:



Asociación Cultural  
Casabo de Santiago

FEDERACIÓN  
GALEGA DE  
COMERCIO

ORGANIZA:

COMERCIO  
PUNTO COMPOSTELA